



A FOLLA DA CGT

Núm. 71 - 2 xullo 2021

Isto dá noxo!!!

O día 30 revisáronse as **prazas universitarias Sr.** Houbo discrepancias coa empresa. O comité entende que **non** se poden seleccionar persoas sen a titulación requirida. Exemplo: pedir enxeñería superior e admitir un enxeñeiro técnico. Tantas esixencias nas prazas de operarios coa profesión (que se falta un punto, que se falta unha coma)... ¿e nas prazas de titulados vale incluso **non** ter o título requirido?

Peor aínda. O día 29 publicárase que Navantia xa estaba poñéndose en contacto cos "adxudicatarios" destas prazas. Preguntouse se era certo. A resposta foi que si, e que tiveron que facelo para pedirles a documentación que íamos revisar.

Argumentouse que era innecesario porque a documentación estaba no portal de Emprego. Que respostou a empresa? Que non estaba porque para inscribirse nas prazas de titulados **só se necesita o currículum vitae!**

Mentres ós aspirantes ás prazas de operario-empregado o único que lle falta a Navantia é pedirles un certificado do papa de Roma, para as prazas universitarias abonda co currículum, e se resultas seleccionado xa demostrarás que cumpres os requisitos. E se non os cumpres, tampouco pasa nada.

Mentres para algunhas persoas optar a unha praza é un **trámite sinxelo**, para outras é unha auténtica **carreira de obstáculos**.

A RRHH de Navantia nótaselle moito o **clasismo**, nótaselle moito que despreza ós simples traballador@s e que non lle importa facelos sufrir, como sufriron estes días —e non é unha maneira de falar, **SUFRIRON**— centos de traballador@s en paro ou precari@s para intentar ter opción a presentarse ás prazas de operarios-empregados Sr.

Cando a polémica co psicólogo, este argumentou que non había perfís persoais bos nin malos, que dependía do posto a desempeñar. E puxo como exemplo que moitas empresas escollían perfís **psicopáticos** para o departamento de RRHH, persoas elitistas, desprezativas, insensibles ó sufrimento alleo, ou incluso que gozan vendo sufrir ós que eles consideran inferiores. A ver se o problema vai ser que Navantia está escollendo psicópatas para postos de responsabilidade en RRHH.



A voltas coas prazas

O venres pasado publicáronse as segundas listaxes provisórias das prazas de operarios-empregados sénior 2019. A diferenza entre o número de admitidos na 1ª e na 2ª evidenciou que a porcentaxe de erros fora moi alta.

Comprobamos cantos admitidos na 1ª o están tamén na 2ª. A conclusión é que esa porcentaxe é **aínda maior** porque tamén hai persoas que antes non estaban admitidas e agora si o están.

Profesión	Inscripcións	Admitidos na 1ª listaxe (anulada)	Admitidos na 2ª listaxe (actual)	Admitidos en ambas	Admitidos na 1ª e non na 2ª	%
Administrativo	647	215	19	14	201	93,5%
Axustador-montador	274	62	32	15	47	75,8%
Calorifugador	67	9	3	1	8	88,9%
Chapista	110	27	9	9	18	66,7%
Deliñante	275	91	74	66	25	27,5%
Electricista	324	65	20	5	60	92,3%
Fresador-mandrinador	84	37	18	18	19	51,4%
TOTAL	1.781	506	175	128	378	74,7%

O 74,7% dos admitidos na 1ª listaxe non están na 2ª (segundo os criterios oficiais de admisión). Esta é a calidade do traballo de Manpower, a empresa á que Navantia lle subcontractou a análise das inscricións. É unha **vergoña** e unha total **falta de respecto** ós aspirantes.

A **CGT** vai esixir que **tódalas reclamacións** sexan **supervisadas** polo comité de empresa.

Balace da asemblea xeral

A asemblea sobre os conceptos sociais cuxos criterios de reparto están en mans dos traballador@s (becas e compensacións de comedor e economato) decidiu que tivesen dereito os GP-3 e GP-4, novos ingresos inclusive, pero non GP-1 e GP-2.

Esta foi a proposta de MAS, CIG e UGT, que cambiaron de opinión tras **oponerse**, o ano pasado, a que os operarios e empregados de novo ingreso o cobrasen. Este cambio non foi por convencemento, senón polas ameazas de desafiliación masiva.


CGT vén mantendo o mesmo criterio desde o principio (2019): **non** se lle pode negar a un traballador do convenio a aplicación dun artigo do mesmo. A nosa postura está motivada por razóns **sindicais**.

Tódolos novos ingresos (operarios, empregados e TS) teñen moitas cousas en común. Todos son eventuais. Todos teñen **menos** dereitos no convenio que os traballadores antigos. Todos están demostrando un nivel **similar** de participación nas mobilizacións que convoca o comité.

En vez de facer pedagogía sindical, MAS, CIG e UGT xustificaron a súa postura describindo unha realidade laboral de privilexios que os novos TS **non** teñen.

Que a homoxeneización sexa **á alza**, e non á baixa como pretende a empresa, será o resultado dunha batalla **du-ra**, o que require sumar forzas. A postura de MAS, CIG e UGT non contribúe a avanzar neste camiño, dificultando así o obxectivo da homoxeneización.

Aclaración final. Na asemblea, MAS acusounos de ser o único sindicato que non votou a favor de que tódolos acordos na Comisión de Política Salarial pasasen pola asemblea. Certo, abstivémonos. ¡Pero pola sinxela razón de que a nosa postura foi que había que someter á asemblea **tódolos temas de convenio**, non só os desa comisión! Mágoa que o resto dos sindicatos se opoñan á proposta da **CGT** para que as actas dos plenos se envíen a tódolos traballador@s, porque poderíades comprobar por vós mesmos isto que afirmamos.



Incrible, pero certo

Joe Biden recomendou ós empresarios estadounidenses pagar salarios máis altos, como resposta á súa queixa de que non atopan man de obra.

Ese laio soa moi familiar no sector naval (en Ferrol, en Cádiz, en Vigo), acompañado da petición de cartos públicos para formar os profesionais que faltan.

A falla de profesionais é produto das pésimas condicións laborais: salarios baixos, xornadas excesivas, abusos de todo tipo e, sobre todo, a precariedade.

Pero os sindicatos maioritarios, en vez de dicirlles ós empresarios que se deixen de chupar cartos de tod@s e esixirlles que melloren as condicións laborais, fállalles tempo para formar unha fronte común con eles para reivindicar que algunha Administración financie uns cursiños exprés.

Horas sindicais xuño

Publicamos o cadro dos pases e horas sindicais dos delegad@s da **CGT**.



Delegado	Horas	Pases	Horas	TOTAL
Vicente	22	Día 18. Conc. Delegados (Xunta) (11:15-12:00)	0,75	22,75
Xaquín	60,25	Día 16. Conc. Cándido Hermida (09:15-10:30) Día 18. Conc. Delegados (Xunta) (11:15-12:00)	2	62,25
Arturo				
Javi	28,75		0	28,75
Benito	19,25			19,25
Carmen				
TOTAL	130		2,75	133

Lembra que no Teams, no grupo "**CGT en Navantia Ferrol (Difusión)**", tes o **detalle** das actividades de cada delegado, indicando en que se gastan as horas sindicais e o listado completo de pases. Tamén podedes acceder usando o código QR.

Novos ingresos

Hai unha acta, asinada pola empresa, na que pon moi clariño que, como criterio xeral, os novos ingresos pasarán a **fixos** ó ano e que calquera excepción terá que ser **acordada** nas comisións de Emprego locais.

A finais deste mes fará un ano que entraron na nosa factoría os primeiros novos ingresos (TS júnior). **O intercentros ten que facer valer o que está asinado.**



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móvil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas RRSS

